

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios 2024), susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG421A).

Advertidos erros na referida resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 2, do 3 de xaneiro de 2024, cómpre facer a seguinte corrección:

Nas páxinas 367 e 368, no artigo 16, onde di:

«Unha vez recaída resolución de concesión non se admiten modificacións.

No que respecta ás accións da letra b) do artigo 6.4 o cambio de programación dun ou de varios eventos expositivos por outro/s dentro do prazo de execución establecido na resolución de concesión non se considera modificación sempre e cando non exista ningunha alteración no número de pemes galegas participantes na dita acción».

Debe dicir:

«Unha vez recaída resolución de concesión non se admiten modificacións.

No que respecta ás accións da letra b) do artigo 6.4 permitírase o cambio de programación dun ou de varios eventos expositivos por outro/s dentro do prazo de execución establecido na resolución de concesión sempre que non supoña un aumento do número de pemes participantes, nin a substitución daquelas que fosen inicialmente beneficiarias».

